

O “boom” arqueolóxico de finais do s. XX na bisbarra de Ferrol: análise comparativa

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Preséntase unha análise dos traballos feitos entre 1985 e 2000 referidos ós concellos da ría de Ferrol no referente as mámoas, petroglifos, castros e vestixios de época romana, onde se reflicten as discrepancias de criterios entre os diversos autores.

Abstract

An analysis of the works done between 1985 and 2000 referring to the townships on the coast of Ferrol about the megalithic monuments, rock-engravings, Celtic villages and remnants from the Roman Times, where the difference of opinions are shown among the several authors.

I- INTRODUCCIÓN

As postrimerías do século XX inicio do XXI, son un bo momen para realizar balance de calquera tip de materia; nós aportámolo nos pequeno gran de area, realizando un recopilação de traballos realizados en materia arqueolóxica nos 15 últimos anos, centrando a área xeográfica no concellos que limitan a ría de Ferrol ámbito este no que se produciu o “boom”, que afectou á arqueolox galega, e que como indicamos Ferr e comarca non quedaron á marxe. (Fig 1).

Compilamos, dentro do nos coñecemento, as publicacións traballos realizados dende mediados dos 80 ata finais do 2000, e no que como se verá non todo o publicado, a

pesar de estar realizado, na súa maioría por profesionais en arqueoloxía, se corresponde coa realidade, orixinando unha serie de traballos contradictorios, que nalgún caso chegan a confundir ó lector. Nembargantes non debemos esquecer que nun principio as políticas administrativas eran reticentes a unha divulgación exhaustiva dos depósitos arqueolóxicos (para dalgún xeito preservalos da man dos espoliadores e desapehensivos, chegándose a publicar coordenadas erradas dalgún depósito, co gallo de evita-la a súa localización), esta opinión común en moitas comunidades autónomas foi mudando, chegando á




Fig. 1.- Situación xeográfica da bisbarra de Ferrol.

*A Asociación Cultural “Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos” constituiu-se en Ferrol o 28/10/91, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Esta formada na actualidade por 15 membros.

conclusión de que o único xeito de preservalos, é que sexan coñecidos, xa que son os propios veciños os que, ó estar en contacto cos depósitos arqueolóxicos, poidan dala voz de alarma, no caso de sufrir algunha alteración.

Ninguén está libre de tal caos divulgativo; se ben como dixo o sabido “Débense de conta-las verdades de hoxe, que mañá serán mentiras; xa que as mentiras de hoxe, mañá serán atrocidades”.

Dos máis de 40 traballos dos que temos constancias nestes últimos 15 anos, en referencia ó ámbito xeográfico da ría ferrolá, a case totalidade deles son produto do esforzo e dedicación dos profesionais e outros investigadores que empregaron o seu tempo (na meirande parte dos casos, desinteresadamente) para plasma-las súas investigacións e estudos. É tamén encomiable o labor dispensado polas distintas asociacións, universidades e institucións de carácter local que tomaron a testemuña absurdamente abandonada pola administración autonómica, cando publica no ano 1989 o último libro de “*Informes de arqueoloxía*”, co conseguinte baleiro e complicación que supón para o labor investigador, xa no tan só ó non poder contar cunhas publicacións de referente bibliográfico, sobre as últimas investigacións que se foran realizando, senón tamén obrigando a busca-las referencias escritas entre un senfín de pequenas publicacións, en moitos casos de carácter local e mesmo nas follas parroquiais das festas.

Intentando seguir unha pseudo correlación cronolóxica, principiámo-la análise comparativa polas mámoas, seguindo polos petroglifos, castros e restos de época romana.

II – TRABALLOS SOBRE MÁMOAS

Comezamos esta análise comparativa cos traballos sobre os anterros túmulos funerarios galaicos, en moitos casos coincidente cos dos depósitos castrexos, por tratarse de catalogacións xenéricas, ou catalogacións arqueolóxicas dun concello determinado. A primeira referencia é a de Ana M^a Romero e Xosé M. Pose en “*Catalogación arqueolóxica da Ría de Ferrol*” (1985), onde nomean a existencia de túmulos nos altos do Monte Marraxón (Fene), nun número aproximado de 21/26, sen aportar ningunha planimetría, nin localización dos mesmos, poñémolo no cadro comparativo dese concello, con tódalas reservas, pola súa ambigüidade.

Tamén en 1985 a publicación “*Arqueoloxía prehistórica no concello de Fene*”, de VV.AA. dá exactamente os mesmos datos que a anterior, entre 21/26 túmulos no Monte de Marraxón, polo que tan só teremos en conta un destes traballos para o noso cadro comparativo.

O primeiro traballo que debemos ter en conta é o de Andrés Pena “*Narón, un concello con historia de seu*” (1991), pioneiro neste tipo de depósitos arqueolóxicos, que abarca non só o concello de Narón, senón tamén os de Ferrol, Neda e Fene.

En 1995, aparece “*El fenómeno tumular en Narón. Análisis de localización*” artigo publicado por Juan Carneiro en Estudios Mindonienses nº 11, que abarca Narón e as súas lindes con San Sadurniño, Ferrol e Valdoviño, co que copia parte do traballo de 1991 de Andrés Pena.

En 1997, a nosa Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, publica dentro do Anuario Brigantino nº 20 “*Túmulos prehistóricos no concello de Ferrol*”.

Neste mesmo ano (1997) sae a luz “*Así se fixo Ferrol*” de Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez, no que tan só se fai vaga referencia á presenza de túmulos nas zona de Brión e Mougá (Ferrol), polo que non o teremos en conta no cadro comparativo dese concello.

En 1998, de novo a Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos publica no Anuario Brigantino nº 21 "*Túmulos prehistóricos no concello de Narón*".

Posteriormente, tamén en 1998, dentro do libro "Historia de Ferrol" no Capítulo nº I "*Ferrol na prehistoria. Dende o Paleolítico ata a Idade de Ferro*", Emilio Ramil publica os túmulos do concello de Ferrol.

Outra publicación aparecida en 1998, é "*O Seixo no pasado*" de Juan Carneiro. Nela fai referencia ós túmulos existentes nas proximidades desta localidade, e que en número de 52 espállanse polos montes dos concellos de Fene e Cabanas, sen precisar cantos hai en cada zona ou concello, polo que non o teremos en conta para o cadro comparativo.

Neste mesmo ano (1998), María Rivera publica un artigo no nº 12 da revista FerrolAnálisis "*Restos arqueolóxicos en la parroquia de Sillobre*" que como indicaremos no apartado dos castros do concello de Fene, utiliza como base para o seu traballo o libro de A. Pena (1991), aportando o mesmo número de túmulos que este autor.

No 2000 aparece "*Arqueoloxía e Paisaxe. O arco Ártabro desde a Prehistoria recente ata o Medioevo*" de Juan Carneiro, publicado no nº 7 da revista Cátedra, que abarca os mesmos concellos que Andrés Pena no seu traballo antes citado (1991), aumentando o ámbito, ó concello de Cabanas.


Tamén no 2000 no último traballo que chegou ás nosas mans foi "*Sillobre ven de antigo*" de María Rivera, que non aporta nada novo ó seu anterior traballo de 1998.

Como queira que non se podería facer unha análise comparativa de cada un dos túmulos, optamos por engloba-los dentro de zonas, que adoitan ser coincidentes na práctica totalidade dos autores, poñendo en cada unha a cantidade de túmulos localizados por cada autor.

Como complemento das anteriores publicacións, facemos referencia ós distintos profesionais e empresas de arqueoloxía, dos que temos coñecemento que realizaran traballos de prospección, delimitación ou intervención nos distintos depósitos arqueolóxicos, no ámbito da ría ferrolá, e que poden aportarnos un pouco máis de luz ás dúbidas e erros ós que nos levan as publicacións anteriores.

En tódolos cadros aplicamos un (X) para el depósito localizado, (—) para o non localizado, (D) para o desaparecido, entendendo por desaparecido aquel depósito do que se sabe a súa localización, pero do que no momento de realiza-lo estudio os autores non tiñan sinais externas do mesmo, sendo este un dos temas de discordia á hora de clasificalos, (R) para o depósito do que os autores tiñan referencias orais ou escritas, pero descoñecen o seu emprazamento, e (*) para outros comentarios.

CONCELLO DE FERROL NOME DA ZONA	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1991 Pena, A.	1997 G.A.T.T.	1998 Ramil, E.	2000 Carneiro, J.
MONTE DE CHA-BRIÓN	30	39	40?	24 +6*
MONTES DE MOUGA	19	21	15	19+1*
SAN PEDRO DE LEIXA	2	4	2	2



Entre os catro autores existen claras discrepancias nas dúas primeiras zonas, no tocante ó número de túmulos. Na zona de Monte Cha-Brión, asentada maiormente na parroquia de Brión, o traballo de 1991 (PENA, A.) Localiza 30 túmulos. O traballo de 1997 (G.A.T.T.) Localiza 39 túmulos. Namentres o traballo publicado en 1998 (RAMIL, E.) di: “*Entre Brión e Monte do Chá están localizados preto de 40 túmulos..*” de aí que figure no cadro comparativo o número de túmulos localizados entre signos de interrogación, xa que non aclara en verdade cantos hai, tampouco presenta un plano de localización suficientemente intelixible dos mesmos; dende logo non é moi fiable se nos atemos ós datos aportados. Por último o traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) Localiza 24 túmulos + 6 Desaparecidos, se ben este por se-lo último traballo, debería de segui-la progresión lóxica na localización de novos túmulos, agás que foran destruídos recentemente (que non é o caso). Dáse a triste circunstancia de que dende a nosa Asociación aportóuselle en 1994, os datos e coordenadas de tódolos túmulos por nós publicados en 1997, co triste balance da localización de 18 túmulos menos dos aportados, se temos en conta que dá 6 por desaparecidos e aporta 3 diferentes.

En 1997 o Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (L AFC), realizou unha primeira prospección con motivo do proxecto de parque eólico no NO dos Montes de Brión (zona A da nosa publicación), que non se profundizou ó paralizarse o proxecto do parque, e no que se refrendan 23 túmulos dos aportados polo traballo de 1997 (G.A.T.T.)

A zona de Monte de Mougá, atópase partida polas parroquias de Doniños e Esmelle. O traballo de 1991 (PENA, A.), publica 17 túmulos en Doniños e 2 máis en Esmelle. No de 1997 (G.A.T.T.), publícanse 19 en Doniños e 2 máis en Esmelle. O traballo de 1998 (RAMIL, E.), indica que tan só hai 15 sen aportar ningún tipo de plano ou esbozo. Namentres que no traballo publicado no 2000 (CARNEIRO, J.) indícase a existencia de 19 túmulos en Doniños máis 1 Desaparecido, esta aparente concordancia cos datos reflectidos no traballo de 1997 (G.A.T.T.), non é tal, xa que por un lado o traballo do 2000, publica 8 túmulos que se atopan dentro da zona militar, (á que nós como autores do traballo de 1997 non chegamos a entrar e do que tan só citamos os 2 túmulos que se poden ollar dende fora das instalacións), así mesmo non fai referencia a ningún túmulo da parroquia de Esmelle, localizados pola empresa Adóbrica Arq., con motivo da concentración parcelaria en 1995, e xa nomeados en 1991 (A. PENA); co que a diferenza entre estes dous traballos é de 8 túmulos.


Por último na zona de San Pedro de Leixa, existe unha plena concordancia entre os traballos de 1991 (PENA, A.), 1998 (RAMIL, E.), e 2000 (CARNEIRO, J.) ó publicar tan só 2 túmulos, dos que o traballo de 1998 (RAMIL, E.), como ben sendo habitual non amosa ningún plano de localización, namentres que no traballo realizado en 1997 (G.A.T.T.) publícanse 4 túmulos.

CONCELLO DE NARÓN:

NOME DA ZONA

ANO DE PUBLICACIÓN

	1991 Pena, A.	1995 Carneiro, J.	1998 G.A.T.T.	2000 Carneiro, J.
VAL – SAN MATEO	3 + 1	2 + 1	4	3 + 1
MTE.DE NENOS-SEDES	12 + 2	14 + 2	18 + 2*	13
ALTO DE PEDROSO	--	--	6	–



Na zona do Val – San Mateo, os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1995 (CARNEIRO, J.) reflicten como de Narón os 2 túmulos de Leixa, que figuran no cadro do concello de Ferrol; así mesmo figuran nos traballos de 1991 (PENA, A.), 1995 e 2000 (CARNEIRO, J.) un “+1”, que se refire a un túmulo que na actualidade está dentro do concello de Valdoviño, e que o traballo de 1991 (PENA, A.), cita dentro do concello naronés para explica-la función de mámoa como marco (ó igual que fixo cos 2 túmulos de Leixa que pertencen a Ferrol e outros 2 do lugar de Moimentos-San Sadurniño, que figuran dentro da zona de monte de Nenos, e que son copiados erroneamente polo autor dos traballos de 1995 e 2000 - CARNEIRO, J.).

Aínda así no traballo de 1995 (CARNEIRO, J.) non identifica como tal o túmulo denominado a Arca de Vespasante e o mesmo autor dá como Localizado no seu traballo do 2000. Con todo iso tan só o traballo de 1998 (G.A.T.T.), aporta un novo túmulo nesta zona, tamén Localizado no 2000 polas arqueólogas M^a José Bóveda y Paz Blanco durante a prospección realizada para a construción do parque eólico do Monte da Lagoa-O Val.

Na zona Monte de Nenos os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1995 (CARNEIRO, J.), como xa dixemos anteriormente citan 2 túmulos que pertencen a San Sadurniño.

O traballo de 1998 (G.A.T.T.) aporta 18 túmulos + 2 dos que se ten constancia que desapareceron, sen embargo o traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) dá tan só 1 como Desaparecido e presenta 5 túmulos menos que o traballo de 1998 (G.A.T.T.) e mesmo 1 túmulo menos que o seu propio traballo de 1995.


Sobre esta zona pódese dicir que foron Localizados os 18 túmulos pola empresa Adóbrica Arq. en 1995, durante os traballos realizados con motivo da concentración parcelaria realizada na parroquia de Sedes e parte deles tamén pola empresa Tomos, durante uns traballos desenvolvidos nesa zona. Sen embargo é raro que no traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) indique: “Un inicial punto de partida para os concello de Ferrol e Narón foi revisar a catalogación exposta en A.Pena: “Narón Un concello con historia

de seu” Narón.1991. *Inda que na catalogación do fenómeno tumular no concello de Ferrol deixa amplas zonas sen examinar..*” é claro que a vista destes dous concellos, o autor deste traballo tan só aporta 1 túmulo máis (se contámo-los que dá por desaparecidos), e non estudia ningunha nova zona que non estudiara A. Pena, aínda que se esquece de menciona-lo concello de Fene, no que por suposto coincide co traballo de A. Pena.

Ó respecto da zona do Alto de Pedroso, nada que indicar, xa que tan só son Localizados no traballo de 1998 (G.A.T.T.) 6 túmulos.

CONCELLOS DE FENE + NEDA:

NOME DA ZONA	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A.M ^a .	1991 Pena, A.	2000 Carneiro, J.	2000/1 Rívera M.
MONTE MARRAXÓN	¿21/26?	18+1	17 + 2	18+ 1



Esta zona atópase dividida entre os concellos de Fene e Neda, coma xa indicamos ó principio deste apartado, o traballo de 1985 (ROMERO, A.), figura con signos de interrogación, pola súa ambigüidade, xa que neles se di: “... , no periquiño do Coto do Rei, 359 m., consérvanse os restos dunha mámoa, ó S..., outro conxunto máis numeroso... quizais se poidan contar ata 20/25 mámoas..”. O resto dos traballos, aínda que co mesmo número de túmulos, non son coincidentes, a vulgar polos planos presentados polos seus autores, xa que os de 1991 e 1998 diferéncianse dos do 2000 polo menos en 5 túmulos.

Cabe destacar que os traballos realizados en 1985 (ROMERO, A.) e (VV.AA.), fan Referencia, xunto co traballo de 1998 (CARNEIRO, J.) a outros túmulos espallados por este concello, inda que ningún deles figura como Localizado.

III – TRABALLOS SOBRE PETROGLIFOS

Neste apartado pouco que dicir, xa que en todo o marco xeográfico dos concellos que lindan coa ría de Ferrol, tan só se atopa publicado un petroglifo propiamente dito, o denominado petroglifo de Chamorro, chamado así por atoparse nunha das pedras da base da ermida do mesmo nome, e que é citado polos cinco traballos que indicamos, anque con diferenza de criterios.

A primeira referencia bibliográfica sobre o gravado (agás dunha noticia aparecida do mesmo autor, en prensa), é de Andrés Pena en “Narón un concello con historia de seu” 1991, nel dise: “.. nunha pedra a carón do recinto exterior (da ermida) pódese apreciar unha cazoleta con tres anelos concéntricos..”

En 1996, a nosa Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, publica un artigo no nº 19 do Anuario Brigantino "*Aporte sobre vellos cultos no Monte de Chamorro (Ferrol)*", no que se presenta un debuxo das 4 combinacións circulares, que existen na pedra (todas elas esvaecidas pola erosión) e alomenos 7 cazoletas (Fig. 3 -4).

Dentro do mesmo Anuario aparece o artigo "*La religiosidad Callaica: estela funeraria de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros*" de D. Luis Monteagudo, en no apartado 1.4 cita este mesmo petroglifo, facendo referencia ó artigo da nosa Asociación.

Dous anos máis tarde Emilio Ramil, na "Historia de Ferrol" Capítulo II "*Ferrol na prehistoria dende o Paleolítico ata Idade do Ferro*", describe o gravado dicindo "*Nas proximidades da ermida de Chamorro, hai unha cazoleta con círculos concéntricos, único posible vestixio de gravados rupestres.. o tratarse dun tema moi simple en ocasións a propia erosión granítica produce cazoletas, de todo-los xeitos aparece acompañada de varias liñas curvas formando círculos concéntricos polo que aventuraremos a hipótesis de que estaríamos diante dun gravado abstracto..*", e claro que autor dúbida da existencia do gravado en cuestión, ou cando menos non estivo no mesmo lugar que os outros autores.

Por último, no ano 2000, no artigo do nº 7 da Revista Cátedra "*Arqueoloxía e Paisaxe. O arco Ártabro desde a Prehistoria recente ata o Medieval*" de Juan Carneiro publícase unha foto de Ramón Fábregas, que pode sacar de dúbidas a calquera, anque o autor do artigo, di: "*... consta de varias coviñas e dúas combinacións circulares... con coviña central*", se ben a claridade da foto xa nos amosa como mínimo tres das catro combinacións circulares existentes. En resumo, o petroglifo existe a pesar das dúbidas dalgún dos autores, que probablemente non ollaron a pedra.

Neste apartado non temos en conta como petroglifos as cazoletas, ou cruces illadas que existen en número indeterminado dentro deste ámbito xeográfico, anque de calquera xeito tan só os traballos do 2000 (CARNEIRO, J.) e (RIVERA, M^a.), se fan eco dunhas cazoletas existentes na base dunha mámoa de Marraxón (Fene), e a mesma RIVERA, M^a no seu artigo de 1998, de diferentes "¿Petroglifos?", algún deles moi recente, espallados pola parroquia de Sillobre, que despois non volve a mencionar no seu traballo do 2000.

IV- TRABALLOS SOBRE CASTROS

A mediados dos oitenta, o Ateneo Ferrolán creou unha vocalía de arqueoloxía, que tiña coma fin a realización dun traballo de catalogación dos depósitos arqueolóxicos da bisbarra; nembargantes as discrepancias entre os directores deste traballo, provocou que en 1985, desligándose do proxecto de Ateneo, saíra á luz "*Catalogación arqueolóxica da Ría Ferrol*" dirixida por Ana M^a Romero e Xosé Manuel Pose, que pasa por se-la primeira catalogación sería dos diferentes depósitos castrexos e romanos.

Tamén en 1985, aparece "*Arqueoloxía prehistórica no concello de Fene*", de VV.AA., editado por este concello, que engloba tódolos depósitos arqueolóxicos, dese concello (No noso cadro comparativo aparecera como 1985/1 ó consideralo posterior a publicación anterior).

Dous anos mais tarde (1987), é o propio Ateneo Ferrolán quen no seu caderno nº 7, publica "*Catalogación castreña da bisbarra de Ferrol*", dirixida por X. Carlos Fernández, co ámbito xeográfico na Ría de Ferrol e os concellos de San Sadurniño e Valdoviño (non coincide plenamente cos anteriores autores, cos que tiña principiado o traballo, e

diferenciase tamén en que soamente se limita ós castros).

Entre 1989-90 publícanse varios traballos, “*Camiños de Ferrolterra*” VV.AA. (1989), “*Traballos prácticos de xeografía*” VV.AA. (1989), “*Ferrol a través dos textos históricos e literarios*” VV.AA. (1990), en todos eles Ana M^a Romero participa como coautora, pero non aporta nada novo respecto do seu primeiro traballo (1985) polo que non se terán en conta para os cadros comparativos.

En 1991 sae á luz “*Narón, un concello con historia de seu*”, de Andrés Pena, que sen realizar una exhaustiva catalogación dos depósitos arqueolóxicos (agás os propios do concello de Narón), abarca o mesmo ámbito que o Ateneo Ferrolán.

En 1996, aparece una publicación de ámbito local “*Barallobre no pasado*” dirixida por M^a Xesús Arias e Henrique Sanfiz, que dentro do apartado Monumentos Artísticos e Historia, analiza tan só o castro de Barallobre.

En 1997 tralo Congreso Ferrolterra Galaico-Romana organizado pola Facultade de Humanidades de Ferrol, publícanse as actas, nas que se inclúen dous artigos en referencia o mundo castrexo, “*O hábitat castreño na ría de Ferrol*” de Ana María Romero, que segue sen aportar nada novo ó xa publicado por esta mesma autora en 1985, e “*Os castros de Ancos, Cerdido e Poulo: Vértices dun triángulo de destrución do noso patrimonio*” de Rosa Méndez.

Tamén en 1997 aparece “*Así se fixo Ferrol*” de Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez, que utilizan como base do seu traballo o libro do Ateneo (1987), sen aportar novos datos.

En 1998, sae a luz “*Historia de Ferrol*”, que no seu Capítulo II “*Ferrol castrexo e galaico romano*”, Emilio Ramil trata entre outros aspectos da arqueoloxía, os depósitos da cultura castrexa.

No mesmo ano 1998, aparece o n^o 1 da Revista de Neda, que recolle un artigo de Rosa Méndez titulado “*O Castro de Ancos: Patrimonio da Historia colectiva*”, que se centra tan só neste depósito castrexo.

Tamén en 1998 aparece outra publicación de ámbito local “*O Seixo no pasado*” de Juan Carneiro, no que se cita tan só o castro de As Escadas.

Outra publicación máis neste ano (1998), aparece un artigo no n^o 12 da revista FerrolAnálisis “*Restos arqueolóxicos en la parroquia de Sillobre*” de María Rodríguez, no que estudia tan só o castro de Orra, e nomea o restos dos asentamentos castrexos que existen no concello de Fene, tomando como referencia o libro de A. Pena (1991).

En 1999, dentro do n^o 6 da revista Cátedra “*Arqueoloxía e folclore: Concellos de Ares y Mugardos*”, Juan Carneiro, estudia o folclore destes concellos, e nomea entre outros os depósitos castrexos, localizados neles.

Tamén en 1999, nas actas do I Congreso do Patrimonio da Diocese de Mondoñedo, aparece o artigo “*Patrimonio arqueolóxico de Ferrol: Modelo teórico para promover o seu uso social*”, dirixido por Juan Carneiro e Emilio Ramil, que se limita a unha síntese historiográfica dos castros do concello e o uso social dun deles, o de Lobadiz.

Por último no 2000 unha nova publicación de M^a Rivera “*Sillobre ven de antigo*” volve a repeti-lo estudio do castro de Orra, nesa parroquia de Fene.


Nembargantes non incluímos nos cadros comparativos, como xa dixemos con anterioridade, ningún dos artigos publicados por Ana M^a Romero como coautora nos anos 1989-90, nin tampouco o publicado nas actas do Congreso Ferrolterra Galaico-Romana, xa que non variaba con respecto ó seu traballo de 1985. Tampouco temos en conta o

traballo de Rosa Méndez, xa que tan só fai referencia ó castro de Ancos en Neda, nin o artigo publicado pola mesma autora un ano máis tarde na Revista de Neda nº 1 "O Castro de Ancos: Patrimonio da Historia colectiva", nin están os artigos de tipo localista que non aportan ningún novo dato como "Barallobre no pasado", "O Seixo no pasado", "Así se fixo Ferrol", "Restos arqueolóxicos en la parroquia de Sillobre" ou "Sillobre ven de antigo" nin o artigo de 1999 publicado dentro das actas do Congreso de Patrimonio da diocese de Mondoñedo.

Temos en conta, nembargantes, o traballo que aparece en internet, con data de execución 1990, titulado "Catálogo de Castros de Ferrolterra" realizado por José I. Fernández e Carlos A. Serantes, con ámbito nos concellos de Ferrol, Narón e Valdoviño. Tamén incluímos o traballo de tese de licenciatura de César Aparcero, realizado en 1993 "Estudio del Emplazamiento y distribución de Castros en la Provincia de A Coruña. El caso de la zona de Ferrol", nomeado como referente por algúns autores.

CONCELLO DE FERROL:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN					
	1985 Romero , A.M*	1987 Ateneo Ferrolán	1990 Fdez, J.E. Serantes,C	1991 Pena, A.	1993 Aparcero , C.	1998 Ramil , E
LOBADIZ	X	X	X	X	X	X
FONTÁ	X	X	X	X	X	X
VILABUIDE	X	X	X	X	X	X
TRALOCASTRO	X	X	X	X	X	X
PAPOI	X	X	X	X	X	X
CROA DE LEIXA	X	X	X	X	X	X
MANDIA	X	X	X	X	X	X
VILASANCHEZ	X	X	X	X	X	X
VILELA	X	X	X	X	X	X
SANTA ICIA	D	D	D	D	D	D
SANTA MARINA	D	D	X	D	D	X
FERROL VELLO	R	D	--	D	D	D
CANIDO	R	--	--	D	R	R
PICO DO OURO	K	--	--	--	R	K
SANTA COMBA	--	--	--	--	X	--




Ferrol, é sen dúbida xunto co Narón o concello da bisbarra máis estudado, e polo tanto no que máis publicacións e traballos se realizaron nestes 15 últimos anos. No tocante ós depósitos reflectidos podemos observar unha plena coincidencia na localización de tódolos autores nos 10 primeiros, nembargantes esa unanimidade de criterios pérdese a

partir do castro de Sta. Mariña; se ben os traballos de 1985 (ROMERO, A.), 87 (ATENEO), 91 (PENA, A.) e 93 (APARCERO, C), dan o castro como Desaparecido, os traballos de 1990 (FDEZ, J.) e 1998 (RAMIL, E.), dano como Localizado. O caso deste depósito é moi singular, xa que a pesar de estar moi alterado, pódese observar en fotografía aérea como a súa estrutura non está suficientemente alterada, para consideralo coma Desaparecido; de aí as diferencias de criterios dos autores, decantándonos nós na actualidade como castro Localizado (fig. 5 - 6). Temos que sinalar que a empresa Adóbrica Arqueoloxía realizou un informe favorable, neste senso, sobre o estado do Castro en 1997.

En canto ós castros de Ferrol Vello, Canido e Pico do Ouro, existen discrepancias xa que no traballo 1985 (ROMERO, A.) danse como Referencia, namentres que noutros non se nomean ou danse por Desaparecidos.

É tamén destacable que tan só o traballo de 1993 (APARCERO, C.), reflicte como Localizado o castro de Sta. Comba, algo que por outra banda foi referendado coa prospección levada a cabo pola empresa Adóbrica (1995), con motivo da concentración parcelaria das parroquias de Cobas, Esmelle, Marmancón e Mandiá (no que tamén confirman a localización dos castros de Tralocastro, Papoi, Mandia e Vilela).

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN				
	1985 Romero, A.M'	1987 Ateneo Ferreiro	1990 Fdez, J.E. Serantes, C	1991 Pena, A.	1993 Aparcero C.
QUINTA	X	X	X	X	X
SEQUEIRO	X	X	X	X	X
REVOLTA	X	X	X	X	X
EIRAVEDRA	X	X	X	X	X
VICAS	X	X	X	X	X
COUTO	X	X	X	X	X
STA M ^{DE} CASTRO	D	D	D	D	D
ERMIDA	D	X	X	X	--
SAN MATEO	--	X	X	X	X
VILASUSO	--	X	X	X	X
PEREIRUGA	--	--	--	X	X
PENA LOPESA	--	--	D	D	D




Neste concello non existen demasiadas discrepancias de criterios entre os autores, aunque si bastante diferenca ó localiza-los castros, se ben o traballo de 1985 (ROMERO, A.) é o máis pobre de todos, xa que non se localizan os castros de San Mateo, Vilasuso, Pena Lopesa e Pereiruga, estes dous últimos tampouco localizados no traballo de 1987

(ATENEO), o que nos amosa unha clara progresión cronolóxica na localización dos depósitos, por outro lado totalmente lóxica.

No caso do castro da Ermida, tan só discrepa o traballo de 1985 (ROMERO, A.), que o da como Desaparecido, cando o resto dano como Localizado, agás o traballo de 1993 (APARCERO, C.), que non o nomea, por non entrar dentro do seu ámbito xeográfico. Neste concello realizou en 1996 a empresa Adóbrica traballos sobre a concentración parcelaria de Sedes confirmando a localización dos castros desa parroquia (Eiravedra, Sequeiro e Revolta).

CONCELLO DE NEDA:


NOME DO CASTRO	ANO PUBLICACIÓN		
	1985 Romero, A.M ^º	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.
ANCOS	X	X	X
VILADONELLE	X	X	X
SAN NICOLÁS DE NEDA	--	--	D



A escasa cantidade de depósitos arqueolóxicos, fai que este pequeno concello, sexa o menos discrepante entre os autores, aínda así no traballo de 1991 (PENA, A.) dáse como Desaparecido o castro de San Nicolás de Neda, algo non indicado polos outros dos traballos.

CONCELLO DE FENE:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A.M ^º .	1985/1 VV.AA.	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.
PRISMOS	X	X	X	X
CARDOEIRO	D	D	D	D
MAGALOFES	X	X	X	X
ORRA	X	X	X	X
RÍO CASTRO	X	*	X	D
SARTEGO	X	--	D	D
BARALLOBRE	D	X	D	D
AS PÍAS	--	D	D	D




Nas tres catalogacións xenéricas deste concello, existe unha práctica unanimidade de criterios na localización dos depósitos, tan só se discrepa no castro do Sartego que o traballo de 1985 (ROMERO, A.) o dá como Localizado e os outros o dan como Desaparecido. Namentres o castro das Pías non é nomeado no traballo de 1985 (ROMERO, A.) e si nos outros traballos.

Sen embargo nese mesmo ano (1985/1 VV.AA.) aparece unha publicación propia dese concello, na que se dá como Localizado o castro de Baralobre (ó igual que a publicación “*Baralobre no pasado*” de 1999 – ARIAS, X e SANFIZ, H.) a diferenza dos outros tres autores que o dan como Desaparecido, e indica a posibilidade de existencia de asentamentos castrexos no Campo de Marta (Maniños), Escurial (Limodre) e Río Castro (publicado polos outros tres autores con diferenza de criterio sobre o seu estado de conservación). Neste traballo tamén se fai referencia ó castro de Escadas como pertencente ó concello de Fene cando na realidade atópase no de Mugar dos, como vemos no cadro comparativo dese concello.

CONCELLO DE ARES:**NOME DO CASTRO****ANO DE PUBLICACIÓN**

	1985 Romero, A. M.	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Peña, A.	1999 Carneiro, J.
CERVÁS	X	X	X	X
ARES	D	X	D	*
CAAMOUCO	X	X	X	X
STA. MARINA-CERVÁS	X	X	X	X
LUBRE	D	D	D	*
BAILADORA	--	--	D	--



Neste concello existen ademais das tres catalogacións xenéricas un cuarto traballo realizado sobre arqueoloxía e folclore, que fai mais difícil para o lector as interpretacións verquidas polos autores, xa que agás do castro das Escadas no que coinciden os catro autores, no resto dos depósitos existin claras diferencias de criterios.

Namentres no castro de Mugar dos traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1987 (ATENEO) dano como Localizado, os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1999 (CARNEIRO, J.) o dan como Desaparecido.

No caso de San Vitorio, hai todo tipo de criterios, os traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1999 (CARNEIRO, J.) dano como Referencia, en 1987 (ATENEO) dão como Localizado e 1991 (PENA, A.) como Desaparecido.

O mesmo acontece co castro do Eixo, o traballo de 1985 (ROMERO, A.) dão como Referencia, en 1987 (ATENEO) non é Localizado, en 1991 (PENA, A.) sinálo como Localizado, e 1999 (CARNEIRO, J.) dubídase de que realmente fora un castro.

O castro de Mehá, lévanos a un caso semellante ós anteriores, mentres que no traballo de 1985 (ROMERO, A.) non foi localizado, nos traballos de 1987 (ATENEO) e 1991 (PENA, A.) dáse como Localizado (fig. 2), e no traballo de 1999 (CARNEIRO, J.) di xunto co castro do Eixo "... non existen datos suficientes para asegurar que son ou foron realmente castros. Unicamente unha actuación arqueolóxica nos sacaría de dúbidas". En 1998,




Fig.2.- Estado actual da estrutura defensiva (leste), do castro de Mehá (Mugar dos).

a empresa Adóbrica (un ano antes desta publicación) con motivo do plan urbanístico deste concello, delimitou e refrendou os castros que figuran no cadro comparativo.

CONCELLO DE MUGARDOS:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A. M ^a .	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.	1999 Carneiro, J.
ESCADAS	X	X	X	X
MUGARDOS	X	X	D	D
SAN VITORIO	R	X	D	R
MEHA	--	X	X	*
EIXO	*	—	X	*



Para o concello de Ares, son as mesmas publicacións que para Mugarodos, e se ben hai unanimidade de criterios en citar como Localizados os castros de Cervás, Caamouco e Santa Mariña (Cervás), non ocorre o mesmo cos restantes.

O traballo de 1991 (PENA, A.) é o único que nomea o castro da Bailadora, aínda que o dá como Desaparecido.

No caso de Lubre as tres catalogacións xenéricas coinciden en citalo como Desaparecido, mentres que ó castro de Ares os traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1991 (PENA, A.) dan como Desaparecido o de 1987 (ATENEO) o da como Localizado, pois ben a última publicación sobre este concello, 1999 (CARNEIRO, J.) di: “*Os castros de Ares e Lubre non existen na actualidade (e na época das catalogacións anteriores tampouco..)*”, tal aseveración créalle ó lector unha idea equivocada, sobre os anteriores traballos, máxime se temos en conta que con anterioridade a ela, que ó igual que sucedera co concello de Ares, a empresa Adóbrica (1998), con motivo do plan urbanístico, delimitou e refrendou os seis castros que figuran neste cadro comparativo, e mesmo realizou unhas escavacións no castro de Ares nos anos 1998 e 2000, localizando (segundo consta na documentación da Consellería de Cultura) parte da estrutura defensiva exterior (fig. 7 - 8), un alxibe, preto de dúas mil pezas de cerámica, etc., co que podemos afirmar sen dúbida que a publicación de 1999, aínda sendo posterior as estas intervencións, está errada.

V- PUBLICACIÓNS SOBRE DEPÓSITOS ROMANOS

A pesar de ter localizado menos de dez depósitos, propiamente de época romana no ámbito xeográfico da ría de Ferrol, é tal a cantidade de publicacións referidas a este tema, que non imos poder realizar un cadro comparativo deste tipo de depósitos, xa que non existe unha catalogación como tal, e si multitude de referencias ós mesmos, polo que limitámonos a tentar nomear tódolos traballos publicados nestes quince últimos anos, que fan ou teñen relación directa con algún destes asentamentos, sobre todo debido á escavación realizada entre finais dos anos 80 e principios dos 90 en Noville (Mugarodos) e á celebración do Congreso Ferrolterra Galaico-Romana.

ALMEIDA, F. “*Prospecção geofísica em Mugarodos. 2ª Campanha*” Universidade de Aveiro (Portugal). 1990

CARNEIRO REY, J. “*O Seixo no pasado*”. Seminario de Estudos de Ferrolterra. 1998.

MONTEAGUDO GARCÍA L, e PENA GRAÑA, A. "*Longaras (S. Martiño de Xubia, Narón, A Coruña)*" en Arqueoloxía-Infomes nº 2.- Xunta Galicia. 1991.

NAVEIRO LÓPEZ, J. "*El comercio antiguo en el N.W.Penínsular*" Museu Arqueolóxico da Coruña (Monografías urxentes nº 5). 1991.

NAVEIRO LÓPEZ, J. "*Panorama cultural de la comarca ferrolana durante la antigüedad, en el conjunto del golfo Ártabro*". Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

PENA GRAÑA, A. "*Narón, un concello con historia de seu*". Concello de Narón. 1991.

PENA GRAÑA, A. "*A importancia de Lóngaras..*". Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

PÉREZ LOSADA, F. "*A villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña, Galicia). Estructuras e estratigrafía arqueolóxica (Campañas 1988 e 1989)*". Castrelos 3-4 Vigo. 1990/1.

PÉREZ LOSADA, F. "*Noville (Franza, Mugardos, A Coruña)*" en Arqueoloxía-Infomes nº 2.- Xunta Galicia. 1991.

PÉREZ LOSADA, F. "*Unha peza excepcional procedente de Noville (Mugardos, A Coruña, Galicia)*". II Congreso peninsular de Historia Antiga. Universidade de Coimbra (Portugal) 1993.

PÉREZ LOSADA, F. "*Excavación arqueolóxica, prospección xeofísica e consolidación da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)*". Arqueoloxía Infomes. Xunta Galicia. 1993.

PÉREZ LOSADA, F. "*Sobre a Villa romana de Noville (Mugardos): Síntese científica divulgativa e valoración patrimonial*". Ferrolterra Galaico-Romana. 1997

PIÑEIRO, ESPERANZA e GÓMEZ, ANDRÉS "*Así se fixo Ferrol*", Concello de Ferrol, 1997.

RAMIL, E. "*Historia de Ferrol*". Capitulo nº II. 1998

ROMERO MASÍA, A.Mª. e POSE MESURA, X.M. "*Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol*". Museu Arqueolóxico da Coruña (Monografías urxentes nº 2). 1985.

SÁNCHEZ FEIJOO, L. "*Prospecciones submarinas en la Ría de Ferrol*". Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

VÁZQUEZ GÓMEZ, X.L. e SAN CLAUDIO SANTA CRUZ, M. "*Unha factoría romana de salgadeira en Cariño (Ferrol)*". Larouco nº 2. 1997.

VV.AA. "*Prospeção arqueológica em Noville (Mugardos, A Coruña-Galiza)*". Universidade de Aveiro. Geociências volumen 5 fascículo 1. 1989.

VV.AA. "*Estudio do material arqueolóxico da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)*". Minius nº 1 . Ourense 1992.

Analizadas estas publicacións, indicaremos que son recoñecidos como asentamentos de época romana os seguintes depósitos:

Ferrol.- Esmelle (ou Casal), e Cariño.

Narón.- Lóngaras.

Fene.- Vilar do Colo e Tellado

Mugardos.- Noville e Santa Lucía

Ares.- Figueirido.

AGRADECIMENTOS

A tódolos que nalgún momento depositaron en nós a súa confianza, para facer realidade esta análise




Fig. 3.- Reproducción do petroglifo de Chamorro. Anuario Brigantino 1996.



Fig. 4.- Petroglifo de Chamorro. Estado actual.



Figs. 5-6.- Castro de Santa Mariña (Ferrol) antes e despois da construción dos depósitos municipais de auga.






Fig. 7.- Castro de Ares. Detalle da excavación, ano 1998.



Fig. 8.- Castro de Ares. Corte da muralla defensiva, excavación ano 1998.